

Resolución Reitoral do 14 de abril de 2015 pola que se publica a Convocatoria de Publicación de Monografías e Manuais do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo

O Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo ten como funcións principais a edición, difusión e intercambio do labor investigador realizado polo persoal da Universidade, e doutras obras de interese cultural e científico, co obxectivo de contribuír ao progreso da Universidade de Vigo, á difusión da súa actividade, e á mellora do seu posicionamento a nivel nacional e internacional. Como parte do cumprimento da súa misión, publícase a presente convocatoria, destinada a permitir a publicación de obras propostas polo persoal investigador da Universidade de Vigo de todos os ámbitos de coñecemento.

1. Destinatarias/os da convocatoria

A presente convocatoria está destinada ao persoal investigador da Universidade de Vigo que desexe propoñer a publicación de obras polo Servizo de Publicacións da Universidade.

2. Tipos de obra e condicións de publicación

Poderanse propoñer os seguintes tipos de obra:

- Monografías
- Manuais

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as teses de doutoramento, teses de licenciatura, proxectos fin de carreira, traballos de fin de grao ou de mestrado, e as memorias de oposición e os traballos que partan delas.

A lingua de publicación dos manuais será exclusivamente o galego, agás no caso de manuais destinados ao ensino de calquera lingua, que poderán publicarse nela.

As obras seleccionadas nesta convocatoria serán publicadas en formato dixital, sendo a distribución e o intercambio dos libros promovidos polo Servizo de Publicacións. Nembargante, a tendencia cara ao futuro será a publicación en formato electrónico e o acceso aberto sempre que sexa posible, co obxecto de aumentar o alcance da difusión das publicacións e a visibilidade da Universidade de Vigo.

3. Procedemento e prazo de solicitude

O persoal investigador interesado deberá presentar dúas copias do cuestionario de solicitude correspondente, dirixido ao Servizo de Publicacións, en calquera dos rexistros, xeral ou auxiliares, da Universidade de Vigo.

Aínda que se considerarán preferentemente as solicitudes nas que se presente o libro completo que se pretende publicar, no caso de monografías poderanse realizar tamén solicitudes baseadas en propostas de libros, debendo presentarse información suficiente para a valoración destas. Nembargante, no caso de ser seleccionados, a Comisión de publicacións establecerá una data límite para a entrega do manuscrito completo, e a concesión será revogada de non ser entregado este en prazo polos autores e/ou autoras.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **día 15 de maio de 2015**.

Recibidas ás solicitudes, publicarase con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dous campus a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas. Contra esta resolución poderán ás persoas interesadas formular alegacións concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da proposta nos rexistros.

A resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas publicarase con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus.

4. Avaliación e selección

A Comisión de Publicacións, á vista das solicitudes presentadas e atendendo ao orzamento dispoñible, fará unha proposta das obras que se poden publicar. Poderá solicitar en calquera momento, se o considera necesario, información adicional sobre os libros ao persoal investigador solicitante.

Para a selección, prestarase especial atención ao nivel de calidade das publicacións. Para iso, a Comisión establecerá paneis de avaliadores, compostos por expertas/os de recoñecido prestixio alleas/os á Universidade de Vigo, que avaliarán as obras cuxa publicación se solicita. Requirirase un mínimo de dous informes de avaliación por obra, e non se publicará ningunha obra que reciba algún informe desfavorable. O proceso de revisión por pares levarase a cabo con todas as garantías de confidencialidade e ausencia de conflito de intereses.

A Comisión de Publicacións poderá promover a publicación de series temáticas ou coleccións, e propoñer a inclusión das obras seleccionadas para publicación en algunha delas.

A Comisión poderá aplicar os seguintes criterios de priorización:

- Priorizaranse as publicacións nas que a maioría dos autores e/ou autoras sexan persoal da Universidade de Vigo

- Priorizaranse as solicitudes de autores/as que non fosen adxudicatarios desta convocatoria nos últimos 3 anos
- Priorizarase a publicación de monografías fronte á de manuais
- Procurarase que exista equilibrio entre as publicacións dos diversos ámbitos de coñecemento, sempre que existan solicitudes axeitadas
- Procurarase a selección dun mínimo de publicacións centradas na consideración da perspectiva de xénero dentro de calquera ámbito de coñecemento, sempre que haxa solicitudes axeitadas que cumpran cos estándares de calidade requiridos

De ser necesario, a Comisión poderá utilizar outros criterios adicionais de priorización, debendo indicalos na resolución de concesión.

Á vista da proposta da Comisión de Publicacións, ditarase a resolución provisional de concesión, que se publicará con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus. Contra esta resolución poderán as persoas interesadas formular alegacións concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta nos rexistros.

A resolución definitiva de concesión, que esgota a vía administrativa, será publicada con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

Vigo, 14 de abril de 2015



M^a Asunción Longo González

Vicerreitora de Investigación e Transferencia